



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS (ANFACO-CECOPECA)**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO – CECOPECA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranguea dende o 1 de abril de 2016 ata o 30 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO – CECOPECA) para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros.

As accións específicas que se realizaron derivadas deste obxecto son as que seguen:

#### **1. Xornadas sobre claves de futuro para o sector**

O sector industrial transformador e conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura de Galicia no contexto actual, ten dada vez maiores esixencias empresariais que deben ser atendidas para así lograr un crecemento e expansión do sector.

Para poder abordar estas esixencias empresariais, considerouse axeitado realizar unha serie de xornadas coas seguintes temáticas:

- Como impulsar a competitividade da nosa empresa a través da industria alimentaria.
- O etiquetado dos produtos agro-mar alimentarios e os seus transformados.
- Como aproveitar os acordos comerciais para a exportación de produtos da pesca e da acuicultura e os seus transformados e como asegurar e potenciar o abastecemento de materia prima.
- O reto da internacionalización das empresas do sector agro-mar alimentario.
- Como potenciar as calidades organolépticas dos produtos agro-mar alimentarios a través do uso de aditivos e aromas.
- Iniciativas innovadoras desenvolvidas no sector agro-mar alimentario e a súa aplicación práctica na competitividade industrial.

#### **2. Showcooking e exposición en París**





O mercado francés é un mercado recoñecido mundialmente como de grande calidade, concentrándose a maior comercialización de produtos de alimentación na súa capital, París.

Como é de todos sabido, os produtos transformados da pesca de Galicia son uns produtos dignos do padal máis delicado, por iso considerouse o realizar unha exposición de produtos a importadores de produtos delicatessen en Francia, acompañada dunha demostración culinaria da mesma, considerando como data idónea para levala a cabo durante a celebración da feira SIAL que se celebrou en París do 16 ao 20 de outubro de 2016.

### 3. Estudos de mercado

Considerouse necesario levar a cabo un estudo sobre *Como pode Galicia poñer en valor o seu potencial do sector transformador de produtos da pesca e a acuicultura para competir nun mundo global?*, de maneira que se identificaran os factores que xeran valor e confianza de forma sostible no sector e que así serviran como factores estratéxicos a ter en conta polos distintos operadores e interlocutores con este sector.

### 4. Clases maxistras de cociña

Os produtos do mar son un elemento esencial para poder levar unha vida saudable e coas conservas de peixes e mariscos, os consumidores poderían lograr cubrir unha grande parte das súas necesidades diarias de proteínas e vitaminas, pero moitas veces o problema que teñen estes consumidores é o saber como preparamos.

Por iso, considérase cada vez máis importante o ensinar como poder elaborar e presentar pratos con conservas de peixes.

O público obxectivo para estas clases maxistras foron non só os “cociñeiros do fogar”, senón tamén os cociñeiros da restauración ofrecéndolles ideas e receitas de elaboración e presentación con conservas de peixes e mariscos.

### 5. Simposios de innovación e internacionalización

Supuxo de grande interese para o sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura de Galicia, o realizar dous simposios, un dirixido a innovación e outro a internacionalización, que contribuíu a unha maior concienciación nas industrias de Galicia da importancia de abrirse os mercados internacionais e, ademais, o buscar a innovación das empresas para lograr a oferta duns produtos con maiores vantaxes competitivas.

### 6. Base de datos sobre a industria transformadora de produtos do mar en Galicia

O sector industrial transformador de produtos do mar e da acuicultura de Galicia sufriu unha transformación coa desaparición de empresas, fusiós e reconversións, debido a unha situación económica mundial moi difícil nos últimos anos polo que se considerou necesario realizar unha análise da situación actual onde identificaran os operadores actuais do sector, identificando tamén os seus competidores do mercado nacional.





Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentaba no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

ANFACO-CECOPECA é unha asociación, sen ánimo de lucro, representativa da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros. Entre os seus fins está a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Sendo a única asociación do sector conserveiro, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrència competitiva con outras asociacións do sector.

A Consellería do Mar e ANFACO-CECOPECA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que foi necesario establecer as condicións que permitiran a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

No marco do dito convenio desenvolvéronse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización: xornadas claves de futuro para o sector, *showcooking* e exposición de produtos en París, estudos de mercado, clases maxistrals de cociña, simposios de innovación e internacionalización e unha base de datos sobre a industria transformadora de produtos do mar en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

